

## **PLENARIO DE EN MAREA**

### **13 DE XULLO DE 2019**

**Emendante/s:**

Juan Losada, Xurxo Triñanes, Irene Freire

**Documento que se emenda: (Marcar cun \*)**

- Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- Regulamento para o Plenario das Mareas
- Regulamento para a elección do Consello das Mareas

**Páxina/s: 3      Liña/s: 93 - 125**

**Tipo de emenda emenda: (Marcar cun \*)**

- Eliminación
- Substitución
- Engádega

**Texto da emenda:**

8. A nivel territorial, os ámbitos de debate e decisión política serán o municipal, o comarcal e o nacional.

As áreas comarcais integrarán ás persoas e mareas que voluntariamente desexen participar no traballo das mesmas e, en todo caso, informarán en todo momento das súas convocatorias e actividades a todas as persoas inscritas a En Marea na área comarcal, por medio da Coordinadora de En Marea.

As áreas comarcais poderán deliberar e propoñer actuacións en temáticas de ámbito comarcal. Poderán elevar temas ao Consello das Mareas e ao Plenario, do xeito que se estableza para cada convocatoria de Plenario.

As áreas comarcais teñen autonomía propia para constituirse e desenvolver e regulamentar o seu funcionamento interno. A estrutura comarcal respectará sempre e en calquera caso a autonomía local. No ámbito de decisión local será a marea municipalista a que teña a decisión final nos asuntos que atinxan ao seu municipio así como á súa organización interna.

En todo caso, as áreas comarcais trasladarán cada tres meses un resumo de actividades ao Consello das Mareas. Ademais, as áreas comarcais, a través da Coordinadora, trasladarán as convocatorias das súas reunións e actividades a todas as persoas inscritas da área.

9. O Consello das Mareas facilitará recursos para a realización de actividades no ámbito comarcal, conforme a plans de traballo que deben ser aprobados no Consello das Mareas.

10. As comarcas serán espazos de deliberación decisorios. Exercerán de enlace co Consello, coa Coordinadora e cos distintos grupos parlamentarios (estatal, galego e europeo). Constituirán ámbitos onde tecer rede e consolidar unha estrutura territorial por todo o país, necesaria para dotar a En Marea de organización.

11. Cada comarca elixirá democráticamente, entre as inscritas de En Marea na comarca, unha persoa como representante comarcal. Corresponderá aos representantes comarcais convocar e xuntar ás persoas inscritas en cada concello da súa bisbarra para fundar a organización a nivel local.

Neste eido, debe compaxinarse o apoio ás organizacións municipalistas coa estruturación da unidade, por iso, naqueles lugares onde exista unha organización municipalista, asinarase un protocolo entre ambas no que se establecerá:

- a) que a agrupación municipalista recoñece como único referente político superior a En Marea,
- b) que En Marea renuncia a participar na política local fóra das canles que a organización municipalista fornece, polo tanto, renunciando a crear unha estrutura local nese concello, e
- c) que as persoas inscritas en En Marea formarán parte do censo da organización municipalista mentres o protocolo manteña vixencia.

12. A Coordinadora impulsará a conformación das estruturas territoriais nun prazo máximo de dous meses dende a súa constitución.

13. Entre as funcións da persoa representante comarcal estarán a de servir de apoio as mareas

municipalistas e persoas inscritas a fin de acadar unha coordinación e comunicación fluida entre as mesmas . Así mesmo, os representantes comarcais levarán o mandato da súa área de actuación ao Consello das Mareas e darán traslado dos acordos acadados no Consello das Mareas á súa área comarcal.

14. As mareas comarcais poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc...

#### **Explicación da emenda:**

Arestora, a unidade popular é unha nebulosa de estruturas paralelas que deben harmonizarse e encadrarse nunha estrutura organizativa participativa e democrática.

A primeira e máis urxente tarefa é a comarcalización. Sen estruturas de base, En Marea dificilmente pode superar a dinámica actual que sobrerrepresenta aos grupos territorialmente implantados mentres ignora á base militante. A creación de estruturas onde a xente poida participar en igualdade de condicións é unha esixencia democrática básica.

Por iso propomos a implementación dun plan de comarcalización que operativice o partido en todo o país mediante a creación dunha estrutura de base supramunicipal. Para a elaboración do mapa comarcal tomarase coma referencia o mapa comarcal aprobado no decreto 65/1997 da Xunta de Galicia inda que de non chegaren ao mínimo operativo de persoas inscritas nalgúns áreas, poderáse crear unha estrutura que unifique dúas ou máis das comarcas ata acadar ese mínimo de persoas inscritas, previa consulta coas persoas implicadas.

## **DITAME**

**PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:**

## **A DEBATE**